

Memoria **xustificativa** dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o **Concello de Xunqueira de Ambía** para a execución do proxecto denominado **Actuacións urxentes de reparación dos danos ocasionados polos temporais**

1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar co Concello de Xunqueira de Ambía un convenio para a execución do proxecto denominado Actuacións urxentes de reparación dos danos ocasionados polos temporais.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a protección do ambiente.

Pola súa banda, a Comunidade Autónoma de Galicia ten como obxectivo o desenvolvemento equilibrado do territorio galego, do medio rural e do urbano, do interior e da faixa costeira, que permita o progreso económico da totalidade do territorio e que a cidadanía galega teña unhas óptimas condicións de vida, con independencia do seu lugar de residencia, potenciando e apoiando a prestación de servizos por parte dos nosos concellos que son a Administración máis próxima aos administrados.

O obxectivo común é conseguir ou mellorar o funcionamento dos servizos e das infraestruturas municipais, de forma que os concellos poidan prestar servizos de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia, coa finalidade de garantir a calidade ambiental, a prevención e mitigación de efectos adversos sobre o ambiente ou a atención ás emerxencias.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellería competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións ás que se destinará a parte do fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.



Para tal fin, mediante a Orde do 28 de decembro de 2023 reguláronse os criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024 e as actuacións ás que se destina, aplicándose parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, é dicir, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco (artigo 2.1.c).

Desde o punto de vista orzamentario, no proxecto 2013 00770 existe un saldo de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na colaboración coas entidades locais de Galicia apoiando a prestación de servizos municipais que teñan como finalidade a realización de actuacións específicas de protección do ambiente, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco e, entre elas, o funcionamento e os traballos dos grupos ou brigadas municipais de emerxencias.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Xunqueira de Ambía o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 5 de decembro de 2024.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Xunqueira de Ambía a execución do proxecto denominado Reparación dos danos ocasionados polos temporais.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Xunqueira de Ambía manifestou a necesidade extraordinaria e urxente de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para acometer o proxecto denominado Actuacións urxentes de reparación dos danos ocasionados polos temporais, consistentes na execución de dúas actuacións, a primeira é o alugueiro dunha retroexcavadora para limpar unha canle de desaugadoiro, por outra banda, a instalación de dúas bombas que garantan o abastecemento de auga a tódolos núcleos do concello

Os temporais de finais de setembro e principios do mes de outubro ocasionaron importantes danos ambientais no concello de Xunqueira de Ambía, por unha banda, as fortes choivas inundaron parcelas agrícolas abnegado máis de 60ha destinadas ao cultivo de patacas e hortalizas, que inda seguen asolagadas o que impide recoller as colleitas estragadas polos temporais. A cantidade de auga caída en pouco tempo, así como a existencia de plantacións de pinos nas parcelas lindeira máis elevadas, provocaron o arrastre de área e material vexetal que colmataron as canles de desaugadoiro o que impiden o drenaxe e acceso a estas fincas.

Co fin de garantir o aceso a estas parcelas, para traballar nelas e que se poidan sementa novamente debe procederse de inmediato ao desbroce e limpeza destas canles de 2,5 quilómetros de lonxitude.

Por outra banda, estes temporais, e concretamente as fortes choivas provocaron unha extraordinaria crecida do Río que unida a falta de limpeza das presas, ocasionando a avaría irreparable das bombas do sistema de abastecemento de auga do que se serven tódolos núcleos do concello, polo que compe substituír inmediatamente estas dúas bombas e garantir o abastecemento domiciliario de auga potable a tódolos veciños de Xunqueira de Ambía.



Por outra banda, a falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o Concello de Xunqueira de Ambía de afrontar en solitario os compromisos económicos que a indispensable execución das actuacións obxecto de subvención, representan para a facenda local.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións imprescindibles para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local atribúelles aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios e obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental e co proxecto orzamentario 2013 00770 Fondo Compensación Ambiental. Convenios grupos emerxencias.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polo concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Xunqueira de Ambía.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de DEZASEIS MIL CINCOCENTOS EUROS (16.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 35.04.141A.461.1 (CP 2013 00770) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024, na que existe crédito adecuado e suficiente. Este importe representa o 100 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que ascende a 16.500,00 €

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso
Documento asinado dixitalmente á marxe

